

PLAN DE ACOLLIDA DO ALUMNADO ESTRANXEIRO

(Aprobado en Claustro do 10 de setembro de 2019, e en Consello Escolar do
25 de setembro)

PLAN DE ACOLLIDA

1. Xustificación
2. Introducción. Base legal
3. Situación de partida
4. Obxectivos xerais
5. Escolarización do alumnado inmigrante no ensino básico
 - 5.1. Matriculación
 - 5.2. Avaliación inicial
6. A acción tutorial co alumnado inmigrante
 - 6.1. A acollida
 - 6.2. A acción tutorial coa familia
 - 6.3. A acción tutorial co alumno
 - 6.4. A acción tutorial co equipo docente
 - 6.5. O alumno-titor
7. O proceso de ensino – aprendizaxe
 - 7.1. Cando se dá o descoñecemento de ambas as dúas linguas oficiais na nosa comunidade.
 - 7.2. Cando o alumno provén dun país en que se fala o español ou xa coñece o idioma.
 - 7.3. Adopción de medidas de atención individualizada
8. Avaliación do plan
9. Consideracións finais
 - 9.1. Suxestións de actividades na aula

1. Xustificación.

A chegada progresiva de poboación de orixe estranxeira á nosa comunidade fai que sexa preciso ampliar o concepto de diversidade ás necesidades de atención que presenta a parte desta poboación en idade de escolarización obrigatoria.

A incorporación dun alumno ou alumna do estranxeiro adoita ir precedida dunhas connotacións especiais que non se dan na incorporación doutro tipo de alumnado. A súa chegada, cada día máis frecuente e variada, fai necesario establecer medidas de atención específicas axeitadas ás súas necesidades, e unha delas, consiste en axustar a acollida que se lles vai dispensar. De que estas medidas sexan adecuadas, comezando por este Plan de acollida, dependerá que este alumnado acade rapidamente unha boa integración escolar e que, non menos importante, os demais se enriquezan co coñecemento de novas culturas e costumes, e aprendan na convivencia os valores da tolerancia e respecto mutuo.

2. Introducción. Base legal.

A Orde do 20 de febreiro de 2004, pola que se establecen medidas de atención específica oao alumnado procedente do estranxeiro, así como as demais disposicións legais en materia educativa na Comunidade Autónoma de Galicia, serán o marco legal no que baseamos este documento.

A Orde mencionada establece, entre outros aspectos, a necesidade de que nos proxectos educativos de centro e os documentos de desenvolvemento curricular “inclúan criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao seu alumnado procedente do estranxeiro” (art. 5o); así como que os “plans de orientación e de acción tutorial recollerán actuacións especificamente deseñadas para o seu alumnado procedente do estranxeiro. Estas incluírán plans de acollida para ese alumnado así como de seguimento do seu proceso de integración escolar por parte do profesor titor”.

3. Situación de partida. Características do alumnado estranxeiro.

A realidade e a situación deste alumnado van ser as que determinen as súas necesidades educativas, polo que será necesario analizalas para o deseño das medidas que se pretendan adoptar.

Aínda que se trate dun colectivo heteroxéneo en canto á procedencia (nacionalidade, nivel de escolarización no seu país, zona de procedencia rural ou urbana, etc.), podemos mencionar unhas características comúns:

a) Trátase dun colectivo que adoita ter **dificultades escolares**, en moitas ocasións asociadas a carencias socioeconómicas máis que a diferenzas culturais. Existen tres factores que determinan a aparición de dificultades específicas no alumnado inmigrante respecto ao conxunto do alumnado:

— A **idade** coa que chegan a España. As dificultades son menores se a chegada e a escolarización se producen nunha idade temperá.

- A existencia ou non dunha **escolarización anterior** no seu país de procedencia. A inexistencia de hábitos de traballo, o descoñecemento da dinámica da aula e do centro educativo ou o desfase curricular son dificultades engadidas á escolarización. Como consecuencia, a influencia da escolarización anterior, se existe, será tanto máis favorable canto máis semellante sexa o sistema educativo do país de orixe.
- O dominio do noso **idioma** é outro factor determinante do éxito escolar. Algúns chegan a España cun historial de escolarización e coñecendo o noso idioma, aspecto que facilitará a súa integración. O feito de ter desenvolvidas unhas boas habilidades e estratexias comunicativas e lingüísticas será o factor máis importante e determinante do éxito escolar.

En moitos dos casos, a estas dificultades engádense as desvantaxes derivadas dunha situación socioeconómica desfavorecida, ocasionada pola eventualidade de traballo e vivenda en que viven as súas familias.

b) Con certa frecuencia, existe un alto índice de **absentismo escolar** entre este alumnado. Normalmente é un absentismo intermitente, de faltas breves pero frecuentes, debido á eventualidade das estancias.

c) **Falta de motivación** cara ao estudo, que pode estar relacionada cos seguintes aspectos:

- A falta de identificación coa cultura que se reflicte no currículo e na vida do centro.
- A falta de atención e/ou as escasas expectativas educativas dos pais.
- Falta de interese dos pais polos estudos e un pobre ambiente educativo nas familias.

d) Falta de **integración social**. Pode ser un alumnado con relacións extra escolares pobres.

e) **Escasa relación co centro** educativo das familias deste alumnado. Entre as causas pode estar o descoñecemento do idioma, polo que os pais que non falan o español teñen que acudir ao centro acompañados doutra persoa que faga de tradutor. Aínda que son os pais os que veñen a tramitar a matrícula, non adoitan acudir posteriormente ás reunións cando son convocados. A presenza das nais en determinadas minorías étnicas é practicamente nula, xa que culturalmente as mulleres están relegadas ás tarefas domésticas. Este feito está relacionado co descoñecemento da organización e funcionamento das institucións, entre elas a escola.

f) Pola contra, esta nova poboación escolar que está a chegar, ofrece tamén unhas **características positivas** para a educación de todo o alumnado, como son:

- Unha cultura e costumes diferentes, que contribúen a ampliar os coñecementos xeográficos, históricos e a visión global do mundo.
- A achega doutros valores, que na convivencia diaria favorecerán unha aprendizaxe real e práctica da tolerancia e do respecto polo diferente.
- O contacto coa diferenza que, ás veces pode producir un choque de culturas, forzará a ensinar e a aprender a resolver os conflitos, de xeito que todo o alumnado vaia madurando como cidadáns dunha sociedade plural.

4. Obxectivos xerais.

A necesidade crecente de abordar solucións que permitan a progresiva adaptación do alumnado inmigrante estranxeiro sen que isto ocasione traumas ou inseguridades esixe a articulación do presente Plan de acollida baseado nos obxectivos seguintes:

- Asumir como centro os cambios que comporta a interacción cultural con alumnado procedente doutros países.
- Conseguir que os pais e o propio alumnado estean informados do funcionamento e organización do centro educativo.
- Elaborar proxectos de centro interculturais que faciliten e promovan procesos de intercambio, interacción e cooperación entre culturas.
- Actuar globalmente como centro ante a chegada de alumnado inmigrante.
- Facilitar a escolarización, acollida e integración social e educativa do alumnado inmigrante xunto cos seus propios compañeiros e profesores.
- Organizar e planificar actividades dirixidas a integrar a este alumnado na aula, así como aquelas persoas que as levarán a cabo.
- Aproveitar os momentos educativos e de enriquecemento mutuo intercultural que achegan as diferentes culturas na aula. Desenvolver aqueles aspectos relacionados co mantemento e difusión da lingua e cultura propia do alumnado.
- Promover o acceso, permanencia e promoción educativa, articulando medidas que fagan efectiva a compensación de desigualdades de partida e orientando a súa promoción no sistema educativo.

5. Escolarización do alumnado inmigrante no ensino básico.

Tal e como se recolle na Orde ministerial 3305/2002, do 16 de decembro (BOE do 28 de decembro), “non deberán realizar ningún trámite de convalidación de estudos os alumnos procedentes de sistemas educativos estranxeiros que desexen incorporarse a calquera dos cursos que integran en España a educación primaria ou a educación secundaria obrigatoria. Tampouco procederá a convalidación para realizar estudos en calquera nivel, curso ou modalidade do sistema educativo español para cuxo acceso non sexa requisito previo a obtención do título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria. A incorporación destes alumnos ao curso que corresponda efectuarase polo centro español en que o interesado vaia continuar estudos, segundo a normativa ao respecto”.

5.1. Matriculación, a primeira acollida

O primeiro contacto co centro prodúcese o día que os pais ou titores legais do alumno ou alumna achéganse ao centro para a súa matrícula. Pode darse a circunstancia de que descoñezan as nosas linguas e, nese caso, é probable que vaian acompañados dalgunha persoa para facer de tradutor. Tamén pode ser que, aínda que falen e/ou entendan o galego ou o castelán, descoñezan os nosos costumes e o sistema educativo.

Para a formalización da matrícula, a familia deberá achegar a información necesaria para facilitar a integración do seu fillo: o seu lugar de orixe, a súa situación persoal e laboral, a escolarización anterior, a súa competencia comunicativa e as expectativas con respecto ao centro...

Por outra parte, o **equipo directivo** facilitará información básica sobre:

- O sistema educativo español. As etapas educativas que impartimos no centro.
- Os grupos e niveis de que dispoñemos.
- Os recursos materiais e humanos cos que contamos.
- O horario de clases e de atención a pais/nais.
- A oferta de actividades complementarias.
- As normas xerais de funcionamento establecidas no RRI.

- O procedemento de xustificación das faltas de asistencia, a importancia da regularidade na asistencia, o proceso que se seguirá se as faltas son excesivas e non están debidamente xustificadas,...
- Calquera outra información que poida ser de interese para a familia.
- Mostraránselle ao alumno e aos seus pais as instalacións e dependencias do centro.

Cómpre establecer que no noso caso, normalmente este tipo de alumnado accede á formación profesional básica, e debido á súa especialidade, o proceso de matriculación é un tanto peculiar cando proveñen doutro centro, xa que precisan dun informe do Departamento de Orientación que envía o anterior centro ao noso Departamento de Orientación. Neste caso xa se pon en funcionamento o protocolo a través do **Departamento de Orientación**.

5.2. Avaliación inicial.

A avaliación inicial porase en marcha tan pronto se coñeza a futura entrada á escola de alumnado procedente do estranxeiro. O Departamento de Orientación coordinará esa avaliación que involucrará a tanto profesorado como se precise.

Esta avaliación inicial será unha condición indispensable para a adscrición a grupo e contemplará os seguintes aspectos:

- A escolarización anterior e o tipo habilidades manipulativas
- O nivel de competencia lingüística: comprensión, expresión, coñecemento do alfabeto oficial, relación grafía-fonema,...

- O nivel de coñecementos nas áreas instrumentais a través de: probas deseñadas polo equipo de ciclo, probas estandarizadas se existe coñecemento do idioma, probas elaboradas polo departamento de orientación e basicamente iconográficas se non existe coñecemento do idioma, probas elaboradas polo profesorado especialista en linguas estranxeiras se o alumnado coñece algún dos idiomas estranxeiros do centro (inglés ou francés).

O centro poderá ter elaborado un protocolo de avaliación inicial. Convén determinar:

- O razoamento e cálculo: sumas, restas,... no anterior e posterior, cantidades e orde, seriacións numéricas, matrices lóxicas,...
- Probas de comprensión e precisión lectoras

As probas de avaliación inicial non deben alongarse no tempo, deben permitir un rápido escaneo para comprender a situación inicial académica e emocional do alumnado novo. Deben ser probas que lle permitan demostrar o que coñece non só o que non sabe, deben realizarse nun ambiente relaxado coa fin de que non o viva como unha experiencia de exame que debe superar.

Mellor se é unha avaliación en equipo que se é individual. A información obtida desa avaliación inicial deberá poñerse en común entre todo o profesorado que traballará co alumnado novo e será a titoría quen convocará e presidirá a xuntanza.

6. A acción titorial co alumnado inmigrante

6.1. A acollida

Quen se fai responsable da acollida do alumno? O titor ou titora de acollida.

A responsabilidade administrativa da matriculación e escolarización do alumnado, así como a primeira visita ao centro recae sobre as figuras legalmente establecidas (Secretaría, Dirección, Xefatura de estudos e Orientación). Porén, neste apartado faise referencia ao concepto de **titor ou titora de acollida** coma a persoa do centro que pode ter a tarefa de facilitar a escolarización do alumno inmigrante tomándoo de referente para este nun primeiro momento e segundo avanza a súa escolarización no centro. Corresponde ao propio centro determinar o procedemento para decidir, no caso concreto, que persoa asumirá esta tarefa.

O titor ou titora de acollida pode ser:

- a) O titor/a do grupo no que se escolariza o alumno/a.
- b) Un profesor/a do centro que coñeza a lingua do alumno/a.
- c) O orientador ou orientadora do centro.
- d) Un profesional do centro que se ofrezca voluntario.
- e) Un membro do Equipo Directivo.
- f) Un profesional do centro segundo criterios determinados nos órganos de coordinación pedagóxica.
- g) Un alumno/a do grupo en que se escolariza o alumno/a estranxeiro.

6.2. A acción titorial coa familia

- O titor/a asignado manterá unha primeira entrevista coa familia, se fala o noso idioma, aos poucos días de incorporarse ao centro. Se a familia non fala o noso idioma, daremos un tempo prudencial para que poidamos establecer a comunicación.
- O titor/a faraalle chegar á familia o material que o alumno vai necesitar para as diferentes áreas e materias. Se o descoñecemento do idioma é total, buscarase axuda a algunha organización que poida exercer de intermediaria.
- O titor/a informarálle á familia das medidas de atención individualizada que se van tomando co alumno.

6.3. A acción titorial co alumno

O alumno inmigrante é un alumno máis que vive unha situación específica e necesita da comprensión de todos os que o rodean. Ten que adaptarse rapidamente a unha nova sociedade, nunhas etapas de desenvolvemento psicolóxico e físico diferentes segundo as idades; unha nova lingua que necesita para relacionarse socialmente, para ter amigos, para desenvolverse e na que se imparten todos os contidos curriculares; pode chegar a pensar “de que lle serve todo o que sabía...”

Isto non quere dicir que o profesorado adopte actitudes que poidan ser confundidas por estes alumnos ou polo resto dos colegas con falta de autoridade ou permisividade. As diferenzas nas actuacións deben ser comentadas e comprendidas por todos.

O equipo educativo e o titor/a propiciarán un ambiente axeitado para unha boa acollida e adaptación. Hai que aproveitar a chegada do novo alumno para desenvolver actitudes de respecto, comprensión e interese por outros pobos e culturas.

Teremos que presentalo/a aos seus compañeiros de aula, da maneira máis natural posible explicando a súa situación: se non nos entende, explicarlle que non fala a nosa lingua e non a sabe escribir, pero que cando poida seguro que nos contará un montón de cousas. Se fala a nosa lingua, explicar que seguro que descoñece moitas cousas de como funciona o centro, os profesores etc. e que eles poden axudarlle con esas cousas cotiás.

Sería bo asignarlle un compañeiro que lle sirva de guía nos seus primeiros días no centro. Hai que escoller a alguén que teña establecidas boas relacións na aula e que poida axudarlle nas pequenas dificultades que vaian xurdindo. Debemos utilizar a posición positiva e destacada dos líderes na aula para a integración destes alumnos.

O titor e o equipo docente, cada un na súa aula, pode utilizar recursos como localizar nun mapa o lugar de orixe, documentación sobre costumes, idioma, formas de vida, etc. Se coñece o noso idioma, o alumno/a pode axudarnos a presentar o seu lugar de orixe, establecéndose un intercambio entre o alumnado do grupo, sobre as diferenzas e semellanzas entre uns países e outros. Isto, ademais, reducirá a súa distancia social e psicolóxica respecto do grupo; potenciará a súa autoestima e fará aumentar o seu nivel de relación.

6.4. A acción tutorial co equipo docente

O titor recabará dos demais profesores o material necesario para a aprendizaxe do alumno e farállelo chegar aos pais. Este material vai depender moito da competencia lingüística e curricular do alumno/a no momento da súa incorporación ao centro. Neste senso, hai que valorar ben a compra de libros de texto etc. Moitas veces, van necesitar material específico que debe ser valorado por cada profesor, xunto co Departamento de Orientación.

O titor estará especialmente atento das necesidades do alumno durante as súas primeiras semanas no centro: a súa integración na aula, as dificultades co material para resolver os problemas que poidan xurdir no desenvolvemento cotián no centro...

6.5. O alumno-titor

Durante os primeiros días pode ser de utilidade que se lle asigne un compañeiro ou compañeira, que sexa unha persoa predisposta, acolledora e comunicativa, para sentar ao seu lado e axudarlle. Pode ser fixo ou ir variando entre todos os da clase. No noso caso, é preferible que ao principio sexa do mesmo sexo, ata coñecer mellor os costumes da cultura de orixe.

As principais funcións do alumno-titor serían as seguintes:

- Facilitar a integración do alumnado estranxeiro, evitando o seu illamento inicial ou nos tempos de lecer.
- Presentalo a outros compañeiros e compañeiras, profesorado, persoal non docente etc.
- Tratar de resolver as dificultades iniciais de comunicación.
- Axudarlle a entender as tarefas escolares que debe realizar.
- Orientalo sobre o funcionamento do centro: os horarios, o material de traballo e as dependencias e espazos.
- Colaborar co titor comunicándolle as dificultades que detecte.

É importante que o alumno ou alumna designado como titor ou titora non esqueza ou atrase a súa traxectoria académica no desempeño temporal destas funcións. Para facer un seguimento desta tarefa e darlle un carácter formal pode facerse un documento onde se rexistra a súa evolución.

7. O proceso de ensino – aprendizaxe

7.1. Cando se dá o descoñecemento de ambas as dúas linguas oficiais na nosa comunidade.

Todo alumno/a que chegue á escola sen coñecer nada da lingua vehicular que se utiliza vivirá unha situación de **inmersión lingüística**.

Como debemos afrontar esta situación:

- Procurar dar un bo modelo lingüístico: non debemos falar xesticulando excesivamente ou berrando; facer frases sinxelas, pronunciando pouco a pouco e con claridade; non falar nunca telegraficamente nin simplificando ou alterando as frases para facilitar a comprensión.

- Procurar a comprensión das demandas vitais e das ordes diarias: asegurémonos que nos entende e que se fan entender, sobre todo nos hábitos de “senta, pecha a porta, ...” e á hora de expresar as súas necesidades: “podo ir ao baño?, non o sei, non entendo”.
- Non aceptar frases incorrectas pensando que xa fan bastante esforzo en intentalo. Non lles facemos ningún favor deixando pasar “pis” por “¿podo ir ao baño?”.
- Non abandonar tampouco os aspectos de pronunciación. Haberá que corríxila para que pouco a pouco vaian perfeccionándoa por imitación. Procederemos sen interromper os diálogos ou conversas espontáneas. É importante que falen cos compañeiros de clase e que estes entendan que non se poden converter en tradutores/intérpretes. É necesaria a axuda pero non a voz doutro.

As decisións de axuste para adecuar as respostas pedagóxicas pertinentes que haberán de tomarse serán:

- A. Se o alumno/a é atendido a tempo total na aula de referencia.
- B. Se o alumno vai recibir unha atención personalizada fóra da aula. Neste caso haberá que determinar os tempos no que isto ocorrerá, o profesional que o atenderá e o tempo previsto para a súa normalización na aula ordinaria.
- C. Se o alumno asistise a algún agrupamento flexible que teña propio centro, como o uso dunha aula de compensación.

7.2. Cando o alumno provén dun país en que se fala o español ou xa coñece o idioma

Unha situación moi diferente é cando o alumno recén chegado xa le e escribe e ten un coñecemento da lingua que lle permite comunicarse e participar, pero aínda non é quen de enfrontarse coas aprendizaxes propias do curso. Non é o mesmo ler un libro e entendelo que ler unha lección do libro de texto ou o enunciado dun problema de matemáticas. Neste caso debe terse en conta que:

- No alumnado procedente de latinoamérica danse con frecuencia interferencias lingüísticas: diferencias fonéticas, sintácticas etc. que debemos axudar a superar.
- Esta situación pode ser moi frustrante para o alumno, xa que malia o esforzo, segue a ver a diferenza que o separa dos seus compañeiros.
- Elaborar unha lista de vocabulario específico por áreas, axeitado á súa idade, e comezar a utilizalo de xeito gradual pode axudar moito. Unha boa maneira para introducilo neste vocabulario máis específico e nos contidos propiamente ditos é utilizar libros dun nivel máis baixo do que teñen. Moitas veces damos por suposto de que como nos entendemos con eles a nivel de fala coloquial, xa non é preciso ningún tipo de atención; isto acaba xerando desmotivación e abandono.
- Así que o seu nivel llelo permita, o máis axeitado é que sigan a programación xeral da clase de forma adaptada e algúns traballos complementarios, con medidas de adaptación do currículo.

7.3. Adopción de medidas de atención individualizada

Tras a avaliación inicial, e unha vez que se determinan as necesidades educativas do alumno/a, se estas precisasen a incorporación a un “grupo de adquisición de linguas” ou a un “grupo de adaptación da competencia curricular”, podemos atoparnos no noso centro que, polo número de alumnos/as estranxeiros/as, non poidan establecerse estes grupos. En todo caso, esta circunstancia será comunicada á Inspección Educativa.

Nestas circunstancias, e se a Inspección non resolve doutro xeito, cómpre establecer para o alumno/a un Plan de atención individualizada. Nel recolleranse tanto os obxectivos, contidos e criterios de avaliación para cada trimestre en cada unha das áreas e materias, como os apoios precisos e os tempos horarios en que impartilos. En todo caso, tratarase de seguir na medida do posible o establecido na Orde do 20 de febreiro de 2004, no tocante ben a “grupos de adquisición de linguas” (art. 8o a 10o), ben no tocante a “grupos de adaptación da competencia curricular” (art. 11o a 13o).

O xefe de estudos xunto coa orientadora, e á vista do horario do profesorado, proporalles aos departamentos didácticos implicados o profesorado que pode facerse cargo dos apoios.

A elaboración, seguimento e avaliación do plan individualizado será coordinado polo titor/a do alumno/a asesorado/a polo Departamento de Orientación. Do seguimento e avaliación do plan derivarase a continuidade ou non das medias de apoio, da súa intensificación etc. Se o desfase curricular é superior a dous anos ou o alumno/a presentase necesidades educativas especiais, este plan individualizado pode derivar nunha adaptación curricular individualizada. En todo caso, será o Departamento de Orientación, a petición do/a titor/a, quen determine a pertinencia ou non desta medida.

8. Avaliación do plan

Os instrumentos máis comunmente utilizados para realizar a avaliación do plan son as enquisas e os cuestionarios. Esta enquisa ou cuestionario ten que recoller a seguinte información:

1. As accións de sensibilización da comunidade educativa sobre cuestiónns de interculturalidade.
2. As accións formativas do profesorado do centro nesta tema e a súa repercusión na vida deste.
3. A suficiencia ou insuficiencia da información achegada ás familias e a súa participación.
4. Os argumentos e modalidades de apoio, así como, de ser preciso, a elaboración de adaptacións curriculares e medidas de reforzo.
5. O grao de relación e colaboración entre o centro e as institucións locais, asociacións...
6. O papel do alumnado restante respecto á integración do alumnado estranxeiro no centro e na vida escolar.
7. As melloras que deban ser incluídas no futuro no plan.

Respecto aos seus destinatarios, coas necesarias adaptacións, cabe a posibilidade de formularlles aos distintos implicados na elaboración e posta en práctica do plan: un

cuestionario para as familias, outro para o profesorado en xeral e outro para o alumnado, cando a idade deste o faga aconsellable.

9. Consideracións finais

9.1. Suxestións de actividades na aula

O profesorado titor establecerá a súa propia estratexia para que a dinámica da aula favoreza a acollida do alumnado que procede do estranxeiro e se integre no grupo con facilidade. En calquera caso, esta estratexia implicará novas formas de organización da aula, novas actividades ou cambios na metodoloxía, de maneira que a acollida sexa unha fase máis dentro dunha educación realmente intercultural. Quérese dicir que as actividades e os cambios de dinámica para lograr unha integración do alumnado inmigrante non poden dirixirse só a este, senón a todo o grupo da titoría e desde aí estenderse a todo o centro.

Convén organizar algunha actividade inicial en que se prevexa que o alumno poida participar e que sexa para el significativa: xogos, presentación de murais, traballos con soporte visual, representacións.

Tamén é conveniente os primeiros días centrar o esforzo en preparar actividades que faciliten a avaliación inicial e amosen as habilidades e coñecementos básicos que posúe, de maneira que se poida establecer o seu nivel curricular. Para isto é necesario que se fagan as propostas en diversos formatos: visuais, con escasa carga verbal; incidir en saberes que poidan ser expresados mediante esquemas, gráficos ou debuxos; servirse de imaxes, vídeos, atlas, etc., ou de materiais manipulativos ou gráficos no caso das matemáticas.

Trátase de organizarse para que o alumnado de incorporación tardía participe canto antes nas responsabilidades compartidas da clase.

Tamén convén xestionar os espazos e a dinámica da aula como: currunchos, obradoiros, proxectos, que axuden as persoas que acaban de chegar e a todos a participar e favoreza a corresponsabilidade na aprendizaxe.

Así mesmo, desenvolver actividades e situacións que permitan a aprendizaxe cooperativa: formar grupos con membros de diversas capacidades, de distintas etnias ou culturas, nos que o alumnado estranxeiro achegue aspectos da súa cultura e os costumes da súa escola anterior.

É moi importante facer participar activamente o novo alumnado naqueles aspectos en que sexa competente, fomentando a súa estima e dándolle seguridade e confianza.

Tamén é preciso incorporar algún xeito de ambientación que facilite as aprendizaxes: rótulos, nomes das cousas, murais, resumos, imaxes, etc., dos temas que se está a estudar ou de situacións habituais.

O alumnado procedente doutra cultura necesita que o preparen para as novas actividades ou para as situacións escolares que poden resultarlle estrañas: festas, saídas culturais, revisións médicas. Tamén debe ser atendido cando se lle propoña unha tarefa diferente aos demais alumnos, guiar e avaliar con el o desenvolvemento dela.

Posibles actividades dirixidas especificamente ao alumnado procedente do estranxeiro:

- Informar sobre a comunidade que os acolle: costumes, comidas, horarios de traballo.
- Crear situacións de comunicación en toda a comunidade escolar.
- Facer que o alumnado inmigrante sexa protagonista e dea a coñecer a súa cultura.
- Informar das actividades extra escolares e fomentar a participación de todos. Informar sobre o sistema educativo: etapas, niveis, saídas profesionais.

Posibles actividades dirixidas a todo o alumnado:

- Informar sobre o país ou países de procedencia do alumnado inmigrante: costumes, relixión, cultura.
- Utilizar na aula algunhas referencias da lingua de orixe estranxeira, como son os saúdos, as despedidas, expresións e frases feitas.
- Escribir, por grupos, ás diversas embaixadas solicitando información e materiais sobre os países representados na clase e comunicarllelo aos demais grupos.
- Programar conferencias, mesas redondas, etc., sobre as culturas, etnias e países de orixe.
- Ver e comentar cintas de vídeo (documentais ou películas) relacionados cos países de orixe.
- Programar semanas culturais dedicadas ao coñecemento mutuo das distintas culturas que conviven no centro: artesanía, gastronomía, folclore, costumes, actos informativos. Nesta programación, que poderíamos denominar intercultural, haberá que evitar caer no folclorismo mal entendido, e tamén na perda da propia identidade. A utilización didáctica destes contidos debe conducir a un maior coñecemento e enriquecemento mutuo.